

DEREITO (SEGURIDADE SOCIAL)

IRENE DOZO MOUGÁN

Profesora Axudante Doutora de Dereito do Traballo e da
Seguridade Social

Universidade de Vigo (España)

idozo@uvigo.gal

Palabras chave: complemento por fenda de xénero, discriminación directa por razón de sexo, IMV, parellas de feito; documentos acreditativos; accidente de traballo; infarto; recargo de prestacións.

Keywords: gender gap supplement; direct discrimination on grounds of sex; Minimum Living Income (IMV); de facto partnerships; supporting documents; occupational accident; myocardial infarction; benefits surcharge.

Palabras clave: complemento por brecha de género, discriminación directa por razón de sexo, IMV, parejas de hecho; documentos acreditativos; accidente de trabajo; infarto; recargo de prestaciones.

1. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO (Sala do Social) DE 25 DE XUÑO DE 2025 (recurso de casación para la u. d. núm. 4933/2022)

RESUME: A sentenza declara que o complemento para a redución da fenda de xénero previsto no artigo 60 da LGSS, na redacción introducida polo Real decreto-lei 3/2021, contravén a Directiva 79/7/CEE do Consello, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de Seguridade Social, de conformidade coa doutrina establecida pola STXUE de 15 de maio de 2025.

NORMAS APLICADAS

Art. 14 y 35 CE

Art. 60 LGSS

Art. 43 bis LEC

Art. 157.4 TFUE y 23 CDFUE

Art. 4.2 y 7.1 b) Directiva 79/7/CEE

A sentenza obxecto de análise ten como principal cometido resolver se o contido do artigo 60 da LGSS, relativo ao complemento das pensións contributivas para a redución da fenda de xénero, vulnera o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de Seguridade Social. Aínda que o presente litixio se refire a unha cuestión actual, non pode obviarse a clara reminiscencia que proxecta respecto da redacción derogada do artigo 60 da LGSS, relativa ao complemento recoñecido ás mulleres que tiveran ou adoptaran fillos pola súa achega demográfica á Seguridade Social, cuxa configuración normativa foi finalmente declarada discriminatoria polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Máis aínda, podería sinalarse o paralelismo procesual e de fundamento existente entre ambas as dúas cuestións litixiosas, a precedente e a que actualmente se está a analizar, de cara á resolución ditada polo TS.

O litixio trae causa na solicitude formulada por un varón beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación no ano 2021 ao solicitar o complemento para a redución da fenda de xénero. O actor é pai de tres fillos, nados nos anos 1986, 1988 e 1999. O INSS rexeita a solicitude do proxenitor ao complemento para a redución da fenda de xénero ao non cumprir os condicionantes específicos do artigo 60 da LGSS esixidos aos beneficiarios varóns. O actor non acredita, respecto dos dous primeiros fillos, a interrupción da súa carreira profesional por máis de 120 días entre os 9 meses anteriores ao nacemento e os 3 anos posteriores a esa data e, respecto do terceiro fillo, non concorre unha diferenza nas bases de cotización superior ao 15% entre as producidas dous anos antes e as verificadas despois do nacemento.

O actor, desconforme coa resolución do órgano xestor da Seguridade Social, interpón demanda fronte ao INSS e á TGSS. Non obstante, o Xulgado do Social nº 6 de Bilbao desestima a pretensión ao considerar que non concorren os requisitos legais para o recoñecemento do complemento ao demandante. Por este motivo, interpón recurso de suplicación ante o TSX do País Vasco, que dita sentenza estimando o recurso, revogando a sentenza de instancia e recoñecendo ao actor o dereito a percibir o complemento para a redución da fenda de xénero. A Sala fundamenta a súa decisión na incompatibilidade do artigo 60 da LGSS, na redacción introducida polo Real decreto-lei 3/2021, coa Directiva 79/7/CEE, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de Seguridade Social.

Contra esta sentenza, o INSS interpón recurso de casación para a unificación de doutrina o 26 de outubro de 2022, denunciando a infracción do artigo 60 da LGSS. Admitido a trámite o recurso e dada a transcendencia da cuestión formulada, o asunto foi remitido ao Pleno da Sala do Social do Tribunal Supremo. Con todo, e ao abeiro do xa derogado artigo 43 bis da LEC, acordouse suspender o procedemento á espera do pronunciamento do TXUE que resolverse algunha das diversas cuestións prexudiciais xa formuladas e relacionadas coa compatibilidade do precepto controvertido co Dereito da Unión. A resposta a esta problemática produciuse coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 15 de maio de 2025, ditada nos asuntos acumulados C-623/23 (Melbán) e C-626/23 (Sergamo).

Do mesmo xeito que na sentenza do TXUE do ano 2019 sobre a compatibilidade do complemento por achega demográfica (C-450/2018), a sentenza do ano 2025 constitúe un pronunciamento decisivo sobre a conformidade do artigo 60 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción introducida polo Real decreto-lei 3/2021, co principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de Seguridade Social recollido na Directiva 79/7/CEE. A este respecto, e ao igual que na sentenza de 2019, o TXUE aprecia que a regulación nacional controvertida establece

unha diferenza de trato directa por razón de sexo, na medida en que recoñece automaticamente o complemento ás mulleres que tiveron fillos, mentres que supedita o seu recoñecemento aos homes ao cumprimento de requisitos adicionais vinculados á interrupción ou afectación da súa carreira profesional. O Tribunal Europeo xustifica o seu fallo en que o reformado artigo 60 da LGSS non contén ningún elemento que estableza un vínculo entre a concesión do complemento e as posibles desvantaxes que sofre unha muller na súa carreira ante a interrupción da súa actividade pola maternidade, nos termos do artigo 4.2 da Directiva 79/7/CEE. Tampouco pode acollerse dentro do ámbito de aplicación do artigo 7.1 b) da Directiva, sobre as vantaxes en materia de prestacións de xubilación outorgadas polos Estados membros ás persoas que educaron os seus fillos, debido a que non existe un vínculo necesario entre a concesión do complemento e os períodos de interrupción, xa que no caso das mulleres non se supedita o recoñecemento a ningún período de suspensión. Finalmente, tampouco pode ampararse no artigo 23 da CDFUE nin no artigo 157.4 do TFUE, ao entender que o complemento non constitúe unha auténtica acción positiva orientada a corrixir desvantaxes sufridas durante a carreira profesional. O Tribunal de Xustiza da UE parte da premisa de que non existe unha situación comparable, na medida en que aos traballadores que asumiron o coidado dos fillos se lles esixe o cumprimento de determinados condicionantes para seren beneficiarios do complemento e ás mulleres ningún. Ademais, o TXUE rebate o argumento do INSS segundo o cal a norma controvertida constituiría unha acción positiva encadrada no obxectivo de pechar a fenda de xénero nas pensións de xubilación —sendo as mulleres as que historicamente asumiron o coidado dos fillos—, ao reprocharlle que non pode aplicarse unha norma nacional que se limita a conceder un complemento unicamente ás traballadoras no momento do recoñecemento da pensión de xubilación, sen remediar os problemas que poidan atopar ao longo da súa carreira profesional. Certamente, o TXUE acerta nesta última consideración. Con todo, non pode obviarse a escasa ou nula marxe de corrección respecto das

traxectorias profesionais das mulleres que xa accederon ou están a acceder actualmente á pensión de xubilación. Neste contexto, a supresión do complemento comporta inevitablemente un detrimento na contía das súas pensións. Así mesmo, aínda que o Tribunal nega a existencia dunha situación estritamente análoga entre homes e mulleres no acceso ao complemento, o seu razoamento non toma suficientemente en consideración as carreiras profesionais daquelas mulleres que, sen teren interrompido formalmente a súa actividade laboral, desenvolveron traxectorias marcadas polo traballo a tempo parcial, aceptado en moitos casos en atención ás responsabilidades de coidado, co conseguinte impacto negativo nos seus dereitos de pensión. Por último, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 15 de maio de 2025 examina a compatibilidade co Dereito da Unión do inciso específico do artigo 60 da LGSS que dispón que, cando ambos os dous proxenitores causan dereito ao complemento para a redución da fenda de xénero, este se recoñece ao titular da pensión pública de menor contía. É dicir, o recoñecemento do complemento ao segundo proxenitor determina a extinción do previamente recoñecido ao primeiro, sempre que este último teña unha pensión económica maior. A sentenza afirma que o Dereito da Unión non se opón a esta disposición específica, pois non baleira de contido o principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres, senón que constitúe unha consecuencia da aplicación dun réxime igualitario.

Indubidablemente, a sentenza do Tribunal Supremo obxecto de análise seguiu o fundamento esgrimido polo TXUE para resolver a cuestión litixiosa. O TS analiza a existencia de vulneración da igualdade de trato entre homes e mulleres no complemento para a redución da fenda de xénero a través de diferentes aspectos, como a finalidade do Real decreto-lei 3/2021, o ámbito de aplicación do Dereito da UE —artigo 157.4 do TFUE, artigo 23 da CDFUE e a Directiva 79/7/CEE—, para rematar expoñendo os núcleos argumentais principais non só da sentenza do TXUE de maio de 2025, senón tamén da STXUE de 12 de decembro de 2019. Sobre a base de todo o anterior, o Tribunal Supremo conclúe no mesmo sentido ca o Tribunal de Xustiza da

Unión Europea, afirmando que o complemento para a redución da fenda de xénero previsto no actual artigo 60 da LGSS é discriminatorio entre homes e mulleres. En consecuencia, dito complemento debe recoñecerse aos varóns nas mesmas condicións ca ás mulleres.

Estes pronunciamentos consolidan a liña xurisprudencial iniciada pola STXUE de 12 de decembro de 2019 e confirman que a reforma operada polo Real decreto-lei 3/2021 non foi suficiente para harmonizar o dereito interno co Dereito da Unión Europea. Á espera de coñecer se o lexislador interno procederá ou non a unha nova modificación do xa reformado artigo 60 da LGSS, cómpre sinalar que a non oposición do TXUE ao criterio conforme ao cal o complemento para a redución da fenda de xénero se recoñeza ao proxenitor titular da pensión de menor contía podería contribuír, en boa medida, a preservar a finalidade última desta medida. En efecto, dito criterio permitiría que o complemento siga proxectándose maioritariamente sobre o colectivo feminino, que continúa sendo o máis afectado por pensións de menor importe como consecuencia da asunción predominante das tarefas de coidado.

2. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO (Sala do Social) DE 7 DE MAIO DE 2025 (recurso de casación para la u. d. núm. 2955/2023)

RESUME: En materia do Ingreso Mínimo Vital, a sentenza analiza os requisitos de acreditación da existencia dunha parella de feito para os efectos da constitución da unidade de convivencia, concluíndo que a relación de afectividade debe acreditarse mediante a inscrición nun rexistro público de parellas de feito ou mediante a súa constitución en documento público cunha antelación mínima de dous anos. O Tribunal Supremo rexeita unha interpretación diferenciada en función da prestación de que se trate, avogando por unha interpretación uniforme da normativa aplicable ás distintas prestacións do sistema da Seguridade Social, e desestima o recurso de casación para a unificación de doutrina, confirmando a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares.

NORMAS APLICADAS:

Art. 6.1 y 19 del RD 20/2020

Art. 221.2 LGSS

Art. 6 y 21 Ley 19/2021

A resolución xudicial obxecto da presente análise pronúnciase sobre a controversia relativa aos requisitos documentais esixidos ás parellas de feito para acceder ao Ingreso Mínimo Vital con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/2021, se ben a súa interpretación resulta igualmente orientativa para a aplicación da normativa actualmente vixente. A esixencia de acreditación mediante certificación de inscrición nalgún dos rexistros específicos autonómicos ou locais, ou mediante documento público, foi obxecto de sucesivas modificacións normativas ata acadar a redacción actualmente vixente do artigo 21 da Lei 19/2021. Neste contexto, a resolución analizada permite reconstruír o proceso de evolución normativa do Ingreso Mínimo Vital ata a súa configuración actual.

O litixio trae causa da solicitude do Ingreso Mínimo Vital presentada polo demandante o 24 de xuño de 2020, de nacionalidade romanesa e con residencia permanente en España. O solicitante alegaba integrar unha unidade de convivencia xunto coa súa compañeira, con quen afirmaba convivir como parella sentimental dende o 1 de xaneiro de 2005, constando empadramento conxunto dende o 15 de abril de 2009, contrato de arrendamento da vivenda habitual na que residían desde o ano 2016 e certificado dos servizos municipais que facía constar a convivencia estable da parella desde 2005.

Mediante resolución da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social do 12 de febreiro de 2021, a solicitude foi denegada por non acreditarse vínculo matrimonial nin a constitución formal dunha parella de feito nos termos legalmente esixidos. Fronte á resolución negativa do INSS, o actor interpón demanda ante o Xulgado do Social nº 5 de Palma de Mallorca, que resolve na súa sentenza do 13 de xuño de 2022 a desestimación da pretensión, ao considerar que non se acreditara a existencia de parella de feito conforme aos requisitos formais esixidos

pola normativa reguladora do Ingreso Mínimo Vital vixente no momento da solicitude.

Recorrida a sentenza en suplicación, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares, por sentenza do 19 de abril de 2023, desestimou o recurso e confirmou integramente a resolución de instancia, ao entender que a acreditación da parella de feito esixía a inscrición nun rexistro público específico ou a súa constitución en documento público cunha antelación mínima de dous anos, requisitos que non concorrían no caso.

Fronte a dita sentenza, a parte actora interpuxo recurso de casación para a unificación de doutrina por infracción do artigo 6 do RDL 20/2020, alegando a existencia dunha unidade de convivencia entre o solicitante e a súa parella acreditada no documento expedido polos servizos sociais do concello.

Para comprender o litixio obxecto de análise cómpre sinalar a normativa vixente no momento da solicitude de recoñecemento do dereito ao IMV. A normativa de creación desta específica prestación non contributiva naceu co RDL 20/2020, que restrinxía no seu artigo 6 a unidade de convivencia ás constituídas por matrimonio ou parellas de feito. En relación con estas últimas, a norma remitíase ao artigo 221.2 da LGSS para a pensión de xubilación das parellas de feito, para os efectos dos requisitos de acreditación que debían cumprir os beneficiarios perceptores do IMV, e que se correspondían co certificado de empadramento —cunha duración ininterrompida non inferior a cinco anos—, ademais do certificado de inscrición nos rexistros de parellas de feito ou en documento público. Posteriormente, o RDL 28/2020 modificou o artigo 19 da norma sobre o IMV e incluíu a mención expresa á acreditación dos requisitos para ser perceptor deste subsidio, entre os que se incluían de forma expresa os xa previstos na LGSS. Finalmente, o RDL 30/2020 suprimiu a referencia expresa ao artigo 221.2 da LGSS, mais este seguía presente, pois o único que realizou esta última reforma normativa foi incorporar integramente o parágrafo ao que se refería a Lei Xeral da Seguridade Social sobre o

recoñecemento da pensión de viuvez ás parellas de feito e instaurar o paralelismo no artigo 6 do RDL 20/2020.

A complexidade do asunto reside en determinar se todas estas reformas lexislativas supuxeron unha modificación aos efectos de saber se as parellas de feito poden acreditar a súa relación con outros documentos distintos da inscrición no rexistro correspondente ou do documento notarial. Ante esta tesitura, o TS afirma que o contido da definición de “parella de feito” incorporado á lexislación da Seguridade Social é un concepto de natureza fáctica complexa, integrado por elementos afectivos, temporais, de convivencia e de exclusividade xurídica. En consecuencia, o concepto pode dividirse xuridicamente nos seguintes elementos: un primeiro elemento, referido á convivencia, que debe ser estable, notoria, inmediatamente anterior ao feito causante e cunha duración ininterrompida non inferior a cinco anos; e un segundo elemento, relativo á relación de afectividade, que debe ser análoga á conxugal e cunha antelación mínima de dous anos ao feito causante. Ambos os dous elementos concorren no RDL 20/2020, malia as modificacións introducidas, e ambos requiren acreditación. En canto á certificación da convivencia, non existe discusión ningunha sobre que o certificado do padrón é un medio de proba veraz para tal fin. Porén, a complexidade radica en demostrar a afectividade análoga á do matrimonio nas parellas de feito e, neste contexto, en determinar se un certificado dos servizos sociais municipais pode equipararse á inscrición nun rexistro público de parellas de feito ou a un documento notarial ou, pola contra, carece de valor probatorio. Precisamente por esta razón o Tribunal Supremo se inclina por esta interpretación, ao razoar que, fronte ás evidentes dificultades probatorias inherentes a un estado psicolóxico interno como é a vontade de constituír unha unión estable, o lexislador optou por esixir unha manifestación expresa e obxectiva desa vontade, formalizada mediante a inscrición nun rexistro público de parellas de feito ou a través de documento notarial, polo que calquera outro documento distinto non pode considerarse acreditativo de dita unión.

Non obstante, o criterio fixado polo Tribunal Supremo nesta sentenza presenta un alcance limitado á luz da normativa actualmente vixente sobre o Ingreso Mínimo Vital. En efecto, a Lei 19/2021 ampliou o seu ámbito subxectivo de aplicación ao incluír non só as unións matrimoniais e as parellas de feito formalmente constituídas, senón tamén aquelas parellas que, aínda carecendo dunha relación sentimental xuridicamente formalizada, teñen fillos en común. Deste xeito, mentres que para as parellas de feito sen descendencia se mantén a esixencia de acreditar formalmente a unión, dita esixencia non resulta aplicable cando existen fillos comúns, sendo suficiente nestes casos a declaración xurada ou afirmación solemne da existencia dunha unidade de convivencia.

A nova redacción normativa introduce unha maior flexibilidade na determinación dos posibles beneficiarios do Ingreso Mínimo Vital. Con todo, dita flexibilización responde a unha finalidade superior, cal é a salvagarda do interese superior do menor, con independencia do grao de formalización xurídica da relación sentimental dos seus proxenitores.

3. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTICIA (Sala do Social) DE 11 DE FEBREIRO DE 2025 (recurso de suplicación núm. 1864/2024)

RESUME: A sentenza pronúnciase sobre a configuración do accidente de traballo en relación cos elementos de lugar, tempo e causalidade, así como o alcance das obrigas empresariais en materia de seguridade e hixiene no traballo e a dilixencia esixible na prevención de riscos laborais. Así mesmo, analízase a responsabilidade do empresario ou contratista principal pola falta de adopción de medidas preventivas, o dereito da persoa traballadora á integridade física e a unha axeitada política de seguridade e saúde, e a aplicación do recargo de prestacións da Seguridade Social en supostos de accidente de traballo ou enfermidade profesional, en conexión co réxime de infraccións e sancións laborais en materia de seguridade e hixiene.

NORMAS APLICADAS:

Art. 164 y 164 LGSS

Art. 14, 15 y 16.2 a) Ley 31/1995

Art. 5.2 del RDL 5/2000

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolve, en sede de suplicación, a determinación da porcentaxe aplicable ao recargo de prestacións nun suposto de ausencia de medidas de prevención por parte da empresa, con ocasión do infarto de miocardio sufrido por un dos seus traballadores. O fallo do TSX de Galicia achega certa claridade para os efectos de coñecer a aplicación valorativa da imputación do recargo de prestacións nun accidente de traballo no que as circunstancias do seu desencadeamento adoitan estar amparadas pola presunción *iuris tantum* de ter acontecido en "lugar e tempo de traballo".

O litixio ten a súa orixe nun infarto agudo de miocardio sufrido o 19 de xullo de 2019 polo demandante, psicólogo e persoal laboral fixo da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, mentres se atopaba desempeñando as súas funcións profesionais no Servizo de Menores de Vigo. O proceso foi cualificado como accidente de traballo por resolución do INSS do 13 de novembro de 2019, permanecendo o traballador en situación de incapacidade temporal ata o 19 de febreiro de 2020.

Con data 2 de febreiro de 2020, o traballador solicitou ante o INSS a imposición dun recargo de prestacións do 50% por falta de medidas de seguridade e saúde laboral, imputable á Xunta de Galicia. Incoado o correspondente expediente, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, mediante informe do 29 de marzo de 2022, constatou que a Administración empregadora carecía dunha avaliación específica de riscos psicosociais, malia as reiteradas queixas formuladas polos membros do equipo técnico sobre a sobrecarga de traballo e o estrés laboral existente no servizo.

Á vista do devandito informe, o INSS ditou resolución do 26 de xullo de 2022, declarando a existencia de responsabilidade empresarial por falta de medidas preventivas e acordando o incremento do 30% das prestacións derivadas do accidente de traballo, con cargo á Xunta de Galicia. Tanto a Administración empregadora como

o traballador formularon reclamación administrativa previa, que foi desestimada.

Interpostas sendas demandas, o Xulgado do Social nº 4 de Vigo, mediante sentenza do 12 de decembro de 2023, desestimou as pretensións de ámbalas partes, confirmando a procedencia do recargo do 30% e absolvendo o INSS e a TGSS. Contra dita resolución interpuxeron recurso de suplicación tanto a Xunta de Galicia —negando a procedencia do recargo— como o traballador —interesando a súa elevación ao 50%—.

Non obstante, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por sentenza do 11 de febreiro de 2025, desestimou os recursos e confirmou integramente a resolución de instancia, mantendo o recargo do 30% ao apreciar a existencia dunha infracción preventiva consistente na ausencia da avaliación de riscos psicosociais, así como unha relación causal suficiente co dano sufrido, sen que concorresen circunstancias que xustificasen un maior incremento da porcentaxe aplicada.

O fallo do TSX de Galicia fundaméntase na proporcionalidade entre o dano causado e a tipoloxía da ausencia da medida de seguridade que, neste caso, se concreta na non xestión dunha avaliación preventiva específica sobre os riscos propios dos postos de traballo nos centros de menores. Neste sentido, non se pon en dúbida a existencia do recargo de prestacións, pois a sentenza de instancia declara a concorrencia dos elementos configuradores do artigo 164 da LGSS. Cómpre ter presente, neste punto, as múltiples advertencias realizadas polo persoal adscrito ao centro de menores acerca da elevada carga de traballo que viñan soportando desde había tempo e fronte á cal a Consellería non adoptou medida ningunha. Ademais, deben considerarse os riscos —principalmente os riscos psicosociais— aos que se enfronta esta tipoloxía específica de traballadores e que, tal e como queda constatado neste caso concreto, poden desembocar en accidentes ou enfermidades profesionais. Sobre a base de todo o anterior, o tribunal declarou acreditada a concorrencia dos elementos determinantes do recargo de prestacións, apreciando a existencia dunha conexión entre o

infarto de miocardio sufrido polo traballador e a falta de adopción de medidas de seguridade e saúde por parte da Administración empregadora, así como a presenza dun nexo causal suficiente entre a omisión preventiva e o dano producido e o conseqüente prexuízo ocasionado ao traballador como consecuencia do sinistro.

Agora ben, a resolución do TSX de Galicia mantén para este suposto concreto a aplicación do recargo de prestacións nun 30%. Ao igual que o Xulgado do Social de Vigo, os maxistrados do Tribunal Superior consideran que esta porcentaxe é a axeitada atendendo ás circunstancias concorrentes do sinistro, ao entender que só existiu “exclusivamente” unha falta de avaliación específica do risco psicosocial. Á luz deste pronunciamento, a súa valoración ofrece un resultado ambivalente. Dunha banda, a identificación da falta de medidas de seguridade e saúde unicamente na ausencia dunha avaliación específica de riscos psicosociais pode resultar excesivamente simplificadora, na medida en que deixa á marxe a prolongada sobrecarga de traballo soportada polos empregados, configuradora dun risco real cuxa incidencia directa sobre a saúde se atopa amplamente acreditada. Doutra banda, a exclusión do estrés laboral como elemento determinante na gradación do recargo, por non considerarse causa exclusiva do infarto, parece responder á propia concepción desta patoloxía no ámbito do accidente de traballo. En efecto, cando o infarto se produce en tempo e lugar de traballo opera a presunción de laboralidade, precisamente porque non resulta posible determinar con certeza a súa causalidade. Con todo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia proxecta esta presunción en sentido inverso ao analizar o recargo, o que introduce un elemento de certa paradoxa no seu razoamento e que pode interpretarse como unha opción deliberada de contención á hora de impor unha maior responsabilidade sancionadora á Administración empregadora.